



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SOBRADO

Nomeamento tribunal cualificador do proceso selectivo de estabilización da praza de Arquitecto/a Técnico/a do Concello de Sobrado

ANUNCIO

Nomeamento tribunal cualificador do proceso selectivo de estabilización da praza de Arquitecto/a Técnico/a do Concello de Sobrado.

Faise pública a Resolución de Alcaldía núm: 208/2024 do 11/06/2024 pola que se aprobou o nomeamento do tribunal cualificador, data e hora do concurso do proceso selectivo de estabilización da praza de arquitecto/a técnico/a do Concello de Sobrado, convocadas conforme a Lei 20/2021, de 28 de decembro,

“2023/E001/000002 2024/G003/000228

ASUNTO: Nomeamentodo do tribunal cualificador, data e hora do proceso selectivo de estabilización de unha praza de Arquitecto/a Técnico/a, persoal laboral fixo do Concello de Sobrado.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Mediante Resolución da Alcaldía número 538/2022 do 19/12/2022, publicada no BOP da Coruña núm. 241 do 22/12/2022 e no BOE núm.313, do 30/12/2022, aprobáronse as bases xerais e específicas derivadas da convocatoria excepcional correspondente as prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Sobrado, segundo a oferta de emprego público para a estabilización que foi publicada no BOP da Coruña núm. 96 do 23/05/2022 conforme a Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Polas Resolucións nº 86/2023 de 6/3/2023 e nº 164/2023 de 3/5/2023 aprobáronse a lista provisional e lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de estabilización e publicados nos seus respectivos anuncios BOP nº47 de 9/3/2023 e nº 89 de 11/5/2023.

De conformidade co previsto na base sétima das bases comúns, corresponde á Alcaldía o nomeamento do Tribunal cualificador. Así mesmo, a composición do Tribunal farase pública aos efectos de posibles recusacións a tenor do establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Polo exposto, en virtude das facultades que me confire a normativa vixente, **RESOLVO:**

Primeiro.- Designar os seguintes membros do Tribunal cualificador do procedemento selectivo para a cobertura definitiva de unha praza de Arquitecto/a Técnico/a, persoal laboral fixo, convocadas mediante Resolución de Alcaldía 208/2022, de 19 de maio de 2022, BOP de A Coruña nº 96 do 23 de maio de 2022:

Presidente: Luís Fole Barrio, arquitecto técnico funcionario de administración local.

Suplente: M^a Elena Parajó Calvo, arquitecta, funcionaria da Xunta de Galicia.

1º Vogal: Juan Manuel Varela Portela, enxeñeiro técnico, funcionario de administración local.

Suplente: Ana Isabel Blanco Pazo, arquitecta técnica, funcionaria de administración local.

2º Vogal: Pablo Rodríguez Fernández, arquitecto técnico, funcionario de administración local.

Suplente: Manuel Suárez Bermúdez, arquitecto, funcionario de administración local.

3º Vogal: Pablo Villaverde Liñares, arquitecto técnico, funcionario administración local.

Suplente: María Yolanda García Fachal, arquitecta técnica funcionaria de administración local.

Secretaria: M^a Ermitas Sánchez González, persoal laboral fixo A2, de administración local.

Suplente: Guadalupe Vázquez Ascariz, persoal laboral fixo A2, de administración local.

Segundo.- Fixar o lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización da fase de concurso, nos seguintes termos:

a) Día : 20 de xuño de 2024.

b) Lugar: Casa do Concello.

c) Constitución do tribunal: 10:00 horas.

d) Convocar ás persoas integrantes do órgano de selección para a constitución do dito órgano no lugar, data e hora sinalado.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios do Concello (taboleiro electrónico) e na páxina web municipal, tal e como dispoñen as bases da convocatoria.

Cuarto.- Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante esta alcaldía, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, de acordo coa Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estimen oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

Mándao e asínao, o sr. alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretaria-interventora, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

O alcalde-presidente

A secretaria-interventora

Luís Lisardo Santos Ares

Alejandra D. Fandiño Sánchez”

O que se fai público, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria.

Sobrado, a 11 de xuño de 2024

O alcalde,

Luís Lisardo Santos Ares

2024/4127